

## Impulsan nos concellos unha declaración para deixar o Val Miñor “libre do uso de herbicidas”.

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Mércores, 30 Marzo 2016 22:47

---



O Comando Ghichas está levando a cabo unha campaña contra o uso de herbicidas no Val Miñor. Procuran impulsar nos concellos mocións que declaren aos mesmos libres do uso de herbicidas. Membros do colectivo sinalan que xa deron "entrada por rexistro á moción no concello de Nigrán e farémolo mesmo no de Gondomar".

Neste senso convocan unha charla informativa baixo o título "Perigo! Zona Fumigada. Velenos no ambiente", na Asociación Veciñal San Martiño de Borreiros (rúa Sobreiro s/n). A mesma terá lugar este venres 1 de abril ás 20 horas e estará presidida por un informe de César Lema, doutor en bioloxía.

"Tamén estamos informando á veciñanza sobre as consecuencias do uso de herbicidas e as alternativas posibles mediante escritos que repartimos polos buzóns en diferentes zonas e barrios do Val", sinalan dende o colectivo Ghichas.

Cabe lembrar que a Axencia Europea para a Seguridade Alimentaria publicou no pasado novembro un informe no que conclúe que o glifosato, o herbicida máis comercializado do mundo, "é improbable que supoña unha ameaza canceríxena para os seres humanos".

Sen embargo, a axencia europea chegou a esta conclusión a pesar do último informe da Axencia Internacional de Investigacións sobre o Cancro (IARC), que en marzo de 2015 clasificou esta sustancia como un "probable canceríxeno para o ser humano", en base a estudo que mostrou "fortes evidencias" de que provoca cancro en animais de laboratorio.

Sinalan que as charlas informativas achegaranse a diferentes centros culturais e veciñais, como xa se fixeran días atrás en Chandebrito.

## **Impulsan nos concellos unha declaración para deixar o Val Miñor “libre do uso de herbicidas”.**

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Mércores, 30 Marzo 2016 22:47

---

O Comando Ghichas autodefínese como "un grupo de acción en concienciación social que leva a cabo diferentes campañas, fixemos anteriormente a informativa sobre o TTIP, impulsamos e participamos nas concentracións que se comezan a facer no Val contra a violencia machista, e agora estamos coa campaña dos herbicidas...logo virán outras. Formamos parte do colectivo Des Pensa", afirman.